



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Organización constitucional do Estado	Código	612G01009	
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público			
Coordinación	Caamaño Domínguez, Francisco Manuel	Correo electrónico	f.caamano@udc.es	
Profesorado	Aba Catoira, Ana Maria Caamaño Domínguez, Francisco Manuel García Vazquez, Sonia Jove Villares, Daniel Ruiperez y Alamillo, Javier	Correo electrónico	ana.abac@udc.es f.caamano@udc.es sonia.garcia.vazquez@udc.es d.jove.villares@udc.es javier.ruiperez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>O estudo da materia "organización constitucional" ten o obxectivo de continuar facilitando ao futuro graduado en Dereito a formación necesaria para se desenvolver no ámbito xurídico da organización estatal. Coñecidos no primeiro cuatrimestre os contidos fundamentais da noción de Estado Constitucional, democrático, liberal e social de Dereito, a Constitución española de 1978 e a súa natureza, a súa función como fonte do Dereito así como a parte dogmática (dereitos fundamentais) da mesma, compre agora analizar a estrutura territorial do Estado español, estudando a forma de Estado ?politicamente descentralizado- que se organiza en tres instancias territoriais fundamentais: a organización política central, as Comunidades Autónomas e os entes locais, as relacións entre estas ?con especial referencia aos litixios constitucionais de defensa da autonomía de cada unha delas-, ofrecendo unha visión de conxunto da dinámica propia dos modelos descentralizados ou federais.</p> <p>Asemade, neste curso estudase o conxunto de órganos constitucionais que plasman a división horizontal de poderes establecida na Constitución española, isto é, as Cortes Xerais (Poder Lexislativo), o Goberno da Nación e a Administración Pública (Poder Executivo) e os xulgados e Tribunais e o Consello Xeral do Poder Xudicial (Poder Xudicial) e o Tribunal Constitucional.</p>			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <ul style="list-style-type: none">- Actividades iniciais- Sesión maxistral- Seminario- Estudo de casos- Discusión dirixida- Lecturas- Proba obxectiva- Traballos tutelados- Proba oral- Traballos tutelados <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Atención personalizada (incorpórase)</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Correo electrónico: Diariamente. De uso pra facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.</p> <p>? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumando. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica? para desenvolver as ?Discusións dirixidas?.</p> <p>? Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade.</p> <p>Puntualmente as sesións presencias de Teams poderán ser substituídas por vídeos ou lectura de materiais específicos, segundo o criterio do profesor responsable da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <ul style="list-style-type: none">- Realización dunha proba tipo test por cada parte da asignatura que teña un valor do 40% do total da cualificación final, sendo necesario aprobala para poder superar a asignatura.- Traballos tutelados que permitan a avaliación continua e que teñan un valor do 60% do total da cualificación final <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Sen cambios</p>
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título

Código

Competencias / Resultados do título



A1	Coñecemento das principais institucións xurídicas.
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A3	Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.
A5	Coñecemento dos principios e valores constitucionais.
A7	Coñecemento das estruturas xurídico-políticas de ámbito nacional e internacional.
A8	Coñecementos básicos de argumentación xurídica.
A9	Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutriniais).
A10	Capacidade de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico.
A11	Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B7	Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
B10	Traballar de forma colaborativa.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B13	Capacidade para utilizar a rede informática (internet) na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, capacidade para empregar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecemento das estruturas xurídico-políticas de ámbito nacional e internacional	A1 A7	B8 B11 B2 B3	C6 C7
Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.	A2 A5		
Coñecemento dos principios e valores constitucionais.	A5		
Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.	A3		
Coñecementos básicos de argumentación xurídica.	A8		
Capacidade de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico.	A10		
Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos	A11		
Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutriniais).	A9		
Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.		B7	
Traballar de forma colaborativa		B10	
Capacidade para utilizar a rede informática (internet) na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, capacidade para empregar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión.		B13	
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4

Contidos



Temas	Subtemas
-------	----------



TEMA 1: A DIVISIÓN DE PODER NUN ESTADO DE DEREITO. 1) Formulación e significado actual.

TEMA 2: A COROA. 1) A forma política do Estado: a monarquía parlamentaria. 2) A figura e posición do Rei como Xefe do Estado. Estatuto persoal: inviolabilidade e irresponsabilidade. 3) Importancia que outorga a Constitución española á institución monárquica. Lexitimación da monarquía. 4) A sucesión na Coroa. A figura da Princesa herdeira. A Rexencia. 5) As facultades e funcións do Rei. 6) O referendo dos actos do Rei.

TEMA 3: O PODER LEXISLATIVO. CORTES XERAIS I. 1) A orixe histórica do Parlamento e a súa organización: sistemas monocamerais e bicamerais. 2) O bicameralismo imperfecto. Sistemas electorais. A composición das Cámaras parlamentarias en España: Congreso dos Deputados e Senado.

TEMA 4: O PODER LEXISLATIVO. CORTES XERAIS II. 1) A organización interna do Parlamento. 2) O estatuto xurídico dos parlamentarios. 2a) O mandato parlamentario. 2 b) Incompatibilidades. 2 c) Prerrogativas dos parlamentarios: inviolabilidade, inmunidade e foro especial.

TEMA 5: O PODER LEXISLATIVO. CORTES XERAIS III. 1) Funcións do Parlamento: 1a) A función representativa: o Parlamento como órgano de representación política. 1 b) A función financeira e orzamentaria. 1 c) A función de impulso e dirección política. 1d) A función de control: as relacións entre o Parlamento e o Goberno: a) Preguntas, interpelacións e comparecencias. b) Comisións parlamentarias de investigación. c) A cuestión de confianza. d) A moción de censura. e) A disolución das Cámaras. 2) Os órganos auxiliares do Parlamento: Tribunal de Contas e Defensor del Pobo.

TEMA 6: O PODER EXECUTIVO. O GOBERNO E A ADMINISTRACIÓN. 1) Composición do Goberno e estrutura orgánica. 2) A Presidencia do Goberno e o procedemento de investidura. 3) O estatuto xurídico dos membros do Goberno. 4) As funcións do Goberno. 5) O Goberno en funcións. 6) Responsabilidade política do Goberno e a facultade de disolución parlamentaria. 7) O Goberno e a Administración Pública: principios organizativos e de funcionamento.

TEMA 7: DEFENSA DA CONSITUCIÓN E TRIBUNAL CONSTITUCIONAL: XURISDICIÓN CONSTITUCIONAL CONCENTRADA VS. CONTROL DIFUSO . 1) Os distintos modelos de defensa da Constitución: defensa política e



defensa xurídica da Constitución. 2) Os modelos difuso e concentrado de defensa xurisdiccional da Constitución.

TEMA 8 O TRIBUNAL CONSTITUCIONAL ESPAÑOL: 1) Natureza. 2) Composición e organización.

TEMA 9 FUNCIONS DO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL. ESPAÑOL: 1) O recurso de inconstitucionalidade. 2) A cuestión de inconstitucionalidade 3) A Declaración sobre a constitucionalidade dos Tratados Internacionais 4) O conflito en defensa da autonomía local 5) O conflito positivo de competencias 6) Os conflitos negativos de competencias 7) As impugnacións do Título V da Lei Orgánica do Tribunal Constitucional 8) Os conflitos entre órganos constitucionais do Estado.

TEMA 10 As RESOLUCIÓNS DO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL: 1) As peculiaridades do Dereito procesual constitucional. 2) Tipoloxía da resolucións do Tribunal constitucional 3) A estrutura, tipoloxía e efectos da sentenzas do Tribunal Constitucional

TEMA 11 A ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DO ESTADO. 1) O marco constitucional da organización territorial na tipoloxía das formas de Estado. 2) A autonomía de nacionalidades e rexións. 3) O proceso de formación das Comunidades Autónomas.. 4) A distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. 5) A evolución do modelo territorial español e os seus límites. 6) A autonomía local na Constitución.

TEMA 12 O FINANCIAMENTO AUTONÓMICO E LOCAL. 1) Sistema de financiamento de Comunidades Autónomas de Réxime Común 2) Sistema de financiamento de Comunidades Autónomas de Réxime Especial. 3) Sistema de financiamento das entidades locais.

TEMA 1: A DIVISIÓN DE PODER NUN ESTADO DE DEREITO. 1) Formulación e significado actual.

TEMA 2: A COROA. 1) A forma política do Estado: a monarquía parlamentaria. 2) A figura e posición do Rei como Xefe do Estado. Estatuto persoal: inviolabilidade e irresponsabilidade. 3) Importancia que outorga a Constitución española á institución monárquica. Lexitimación da monarquía. 4) A sucesión na Coroa. A figura da Princesa herdeira. A Rexencia. 5) As facultades e funcións do Rei. 6) O referendo dos actos do Rei.

TEMA 3: O PODER LEXISLATIVO. CORTES XERAIS I. 1) A orixe histórica do Parlamento e a súa organización: sistemas monocamerais e bicamerais. 2) O bicameralismo imperfecto. Sistemas electorais. A composición das Cámaras parlamentarias en España: Congreso dos Deputados e Senado.

TEMA 4: O PODER LEXISLATIVO. CORTES XERAIS II. 1) A organización interna do Parlamento. 2) O estatuto xurídico dos parlamentarios. 2a) O mandato parlamentario. 2 b) Incompatibilidades. 2 c) Prerrogativas dos parlamentarios: inviolabilidade, inmunidade e foro especial.

TEMA 5: O PODER LEXISLATIVO. CORTES XERAIS III. 1) Funcións do Parlamento: 1a) A función representativa: o Parlamento como órgano de representación política. 1 b) A función financeira e orzamentaria. 1 c) A función de impulso e dirección política. 1d) A función de control: as relacións entre o Parlamento e o Goberno: a) Preguntas, interpelacións e comparecencias. b) Comisións parlamentarias de investigación. c) A cuestión de confianza. d) A moción de censura. e) A disolución das Cámaras. 2) Os órganos auxiliares do Parlamento: Tribunal de Contas e Defensor del Pobo.

TEMA 6: O PODER EXECUTIVO. O GOBERNO E A ADMINISTRACIÓN. 1) Composición do Goberno e estrutura orgánica. 2) A Presidencia do Goberno e o procedemento de investidura. 3) O estatuto xurídico dos membros do Goberno. 4) As funcións do Goberno. 5) O Goberno en funcións. 6) Responsabilidade política do Goberno e a facultade de disolución parlamentaria. 7) O Goberno e a Administración Pública: principios organizativos e de funcionamento.

TEMA 7: DEFENSA DA CONSTITUCIÓN E TRIBUNAL CONSTITUCIONAL: XURISDICCION CONSTITUCIONAL CONCENTRADA VS. CONTROL DIFUSO . 1) Os distintos modelos de defensa da Constitución: defensa política e defensa xurídica da Constitución. 2) Os modelos difuso e concentrado de defensa xurisdiccional da Constitución.

TEMA 8 O TRIBUNAL CONSTITUCIONAL ESPAÑOL: 1) Natureza. 2) Composición e organización.

TEMA 9 FUNCIONS DO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL. ESPAÑOL: 1) O recurso de inconstitucionalidade. 2) A cuestión de inconstitucionalidade 3) A Declaración sobre a constitucionalidade dos Tratados Internacionais 4) O conflito en defensa da autonomía local 5) O conflito positivo de competencias 6) Os conflitos negativos de competencias 7) As impugnacións do Título V da Lei Orgánica do Tribunal Constitucional 8) Os conflitos entre órganos constitucionais do Estado.



TEMA 10 As RESOLUCIÓNS DO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL: 1) As peculiaridades do Dereito procesual constitucional. 2) Tipoloxía da resolucións do Tribunal constitucional 3) A estrutura, tipoloxía e efectos da sentenzas do Tribunal Constitucional

TEMA 11 A ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DO ESTADO. 1) O marco constitucional da organización territorial na tipoloxía das formas de Estado. 2) A autonomía de nacionalidades e rexións. 3) O proceso de formación das Comunidades Autónomas.. 4) A distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. 5) A evolución do modelo territorial español e os seus límites. 6) A autonomía local na Constitución.

TEMA 12 O FINANCIAMENTO AUTONÓMICO E LOCAL. 1) Sistema de financiamento de Comunidades Autónomas de Réxime Común 2) Sistema de financiamento de Comunidades Autónomas de Réxime Especial. 3) Sistema de financiamento das entidades locais.



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A1 A2 A3 A5 A7 A8 A9 A10 A11 B7 B8 B10 B11 B13 B2 B3 C4 C6 C7	1	1	2
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 A7 A8	19	38	57
Seminario	B7 B8 B10	11	22	33
Estudo de casos	B7 B8 B10 B2 B3	10	10	20
Análise de fontes documentais	A9 A10 A11	3	6	9
Discusión dirixida	A11 B7 B2 B3	3	3	6
Lecturas	A1 A2 A3 A5 A7	3	0	3
Proba obxectiva	B2 B3	1	0	1
Proba oral	B7 B8 B3	1	0	1
Traballos tutelados	A9 A11 B7 B3	7	7	14
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	O primeiro día de clase, cada un dos profesores responsables dos diferentes grupos procederá a explicar aos seus alumnos/as a estrutura da guía docente personalizada, así como as materias concretas obxecto de estudo, a distribución aproximada do cronograma e as fontes documentais máis útiles para seguir o curso académico.
Sesión maxistral	As sesións maxistras constituirán a base teórica que facilite os coñecementos esenciais ao alumno sobre a materia
Seminario	Os seminarios son sesións de traballo cun perfil teórico-práctico especializadas nun tema concreto.
Estudo de casos	Estudo de casos prácticos, análises de textos xurídicos ou de xurisprudencia que os docentes expoñan aos alumnos/as. Esta actividade poderá ser presencial ou non presencial.
Análise de fontes documentais	Estudar ou comentar documentos xurídicos, documentos doctrinais ou xurisprudencia do Tribunal Constitucional, Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, etc...
Discusión dirixida	Esta actividade será realizada de modo presencial e consistirá na posta en común de opinións sobre unha materia, ou ben, na resolución común de problemas actuais que estean directamente relacionados co obxecto de estudo
Lecturas	Lecturas en sesións presenciais ou non presenciais
Proba obxectiva	Exame final e, no seu caso, exame parcial (se así o establece o profesor encargado dese grupo). Durante a primeira semana lectiva do cuadrimestre, o profesor responsable do grupo tamén poñerá de manifesto os mecanismos concretos de avaliación que serán empregados durante o cuadrimestre.
Proba oral	Posibilidade de proba final ou parcial oral (establecerase por cada profesor)
Traballos tutelados	Os profesores das diferentes materias integradas no Módulo poderán suxerir o desenvolvemento de traballos individuais ou por grupos sobre un tema concreto. Devanditos traballos poderán influír positivamente, no seu caso, na avaliación global do cuadrimestre.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Estudo de casos Traballos tutelados	A atención personalizada ao estudante non estará vinculada a só unha metodoloxía, senón que será constante. Neste sentido, tanto o contido das clases teóricas, como o estudo persoal do alumno, coma calquera das actividades que integran o curso contarán coa posibilidade dunha tutorización por parte do docente, co fin de que o estudante poida formular as súas dúbidas e dificultades e que o docente poida axustar as súas metodoloxías ás especificidades da persoa concreta.
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A9 A10 A11	Lecturas / Estudo de Casos / Discusión dirixida / Traballos prácticos individuais ou colectivos	20
Proba obxectiva	B2 B3	Prueba obxectiva: oral, escrita ou tipo test	80

Observacións avaliación
- O profesorado poderá establecer unha porcentaxe de 30 para avaliación das clases prácticas (análise de fontes documentais) e 70 para a proba obxectiva, sempre que o informe o primeiro día de clase e os alumnos/as se mostren de acordo.
- Os alumnos con dispensa poderán obter o 100% da puntuación coa realización da proba obxectiva.

Fontes de información	
Bibliografía básica	José Antonio Portero Molina, Constitución y jurisprudencia constitucional, Tirant lo Blanch, Valencia, 2005. Balaguer Callejón, Francisco (Coordinador), Manual de Derecho Constitucional, Tecnos, Madrid, 2005. Volumen I y II. Alzaga Villaamil, Derecho Político Español según la Constitución de 1978 (2 vols), CERA, Madrid, 2007 y 2008 Caamaño, Francisco, Jove, Daniel y Roura Gómez, Santiago (2019): Bases para el estudio del Derecho Constitucional. Organización Constitucional del Estado. Kindle, versiones online y papel
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> · José Antonio Portero Molina, "Contribución al debate sobre la reforma del Senado?", Revista de Estudios Políticos, n.º 87 (1995), págs. 81-105. · Javier Ruipérez, La protección constitucional de la autonomía, Tecnos, Madrid, 1993. · Javier Ruipérez, Constitución y Autodeterminación, Tecnos, Madrid, 1995. · Javier Ruipérez, El constitucionalismo democrático en los tiempos de la globalización, UNAM, México, 2005. · Santiago Roura Gómez, Federalismo y Justicia Constitucional. El Tribunal Constitucional y las Comunidades Autónomas, Biblioteca Nueva, Madrid, 2003 · Santiago Roura y Javier Tajadura (Dir.), La reforma constitucional, Biblioteca Nueva, Madrid, 2005. · Sonia García Vázquez, La controvertida reforma de la Ley Orgánica del Tribunal Constitucional, Andavira, A Coruña, 2009. · Francisco Tomás y Valiente, El reparto competencial en la jurisprudencia del Tribunal Constitucional, Tecnos, Madrid, 1998. Recursos web: http://constitucion.rediris.es/PortadaDERECONS.html http://www.aecpa.es/ http://www.aelpa.org/ http://www.cepc.es/ http://www.constitution.org/ http://www.findlaw.com/cascode/supreme.html http://www.law.umkc.edu/faculty/projects/ftrials/conlaw/home.html http://www.law.upenn.edu/conlaw/ http://www.map.es http://www.congreso.es http://www.senado.es http://www.tribunalconstitucional.es

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Constitución e poder xudicial/612G01014
Dereito da Unión Europea/612G01021
Dereito Público Autonómico/612G01030
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Comunicación oral e escrita/612G01004
Materias que continúan o temario
Dereito Constitucional: Fontes e Dereitos/612G01003
Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías